

Fran Fernández Davila, escritor: "Que o meu nome estea asociado a Agustín Fernández Paz fíxome moitísima ilusión"

Fran Fernández Davila (Vigo, 1974) aborda a procura da identidade na adolescencia a través da novela *Quero ser coma Vero Boquete* (Xerais), galardoada co IX Premio Agustín Fernández Paz pola igualdade. Unha emotiva historia de superación na que Lucía, a protagonista, loita polo seu soño de ser futbolista.

Sergio Casal

5 de agosto de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/fran-fernandez-davila-escriptor/20260805080431263688.html>

—Lucía vive nunha casa onde non se fala moito e o fútbol está prohibido. Como nace esta historia?

Gustábame moito o enfoque dunha rapaza que quere xogar ao fútbol pero non lle deixan. En lugar de ser a sociedade, é o seu propio pai quen o impide por algún motivo. A partir de aí, desenvolvín a historia de amor da rapaza co fútbol. A min encántame o fútbol e quería escribir algo sobre este tema que tamén lle puidese gustar á miña filla. Ultimamente escribo novelas téndoa a ela como lectora obxectivo.

—Por que escolle o fútbol e en concreto a figura de Vero Boquete como motor da loita de Lucía?

O título é un *macguffin*. Eu teño moito medo de que as persoas lectoras se decepcionen porque non sae Vero Boquete na novela. Hai unha película do 2002 que se chama *Quero ser como Beckham* protagonizada por unha rapaza da India que quere xogar ao fútbol. O título deste libro é unha sorte de homenaxe a esa idea, cambiando a Beckham por Vero Boquete, pioneira en moitas cuestións relacionadas co fútbol galego e internacional.

—Que lle achegan as ilustracións de María Brenn á obra?

Este é un libro de epifanía, é dicir, que empeza en modo escuro e remata en modo brillante. É un camiño cara á luz, de redención. As ilustracións de María Brenn achéganlle luz ao libro desde o inicio: ao principio son un contraste e ao final son o destino ao que chegar. Gústanme moito. Teñen un estilo semellante ao *anime* e lembran moito aos personaxes de Oliver e Benji e a verdade é que están moi ben.

—Gañou o Premio Agustín Fernández Paz pola igualdade co libro. Que supón na súa traxectoria este premio?

Tiña moitas gañas de gañar este premio. Son moi fan da literatura de Agustín Fernández Paz. *Cartas de inverno* paréceme unha das mellores novelas escritas en galego, sen ter en conta que poida ser cualificada como literatura infantil ou xuvenil. É unha gran novela e o resto dos seus libros son moi interesantes. Sei que non podo conseguir parecerme a el na escrita, pero que o meu nome estea asociado a el a través do premio é unha honra inmensa. A verdade é que me fixo moitísima ilusión.

—A súa obra adoita afondar nas complexidades das relacións humanas. Que ten de especial Lucía fronte a outras protagonistas que xa creou?

Hai un fío condutor en toda a miña obra que non é intencionado pero que é unha tendencia que teño: trátase da reflexión sobre a identidade como país, a identidade como sociedade e, sobre todo, a identidade individual. Lucía está nunha época, que é a adolescencia, onde a cuestión principal é a procura da propia identidade que, neste caso, está reprimida polo seu pai. Ao principio non se sabe o motivo desta represión, e ela o único que quere é poder xogar ao fútbol e loita por poder conseguilo. Publiquei tamén este ano con Xerais *Principio de superposición* e alí, a protagonista tiña a identidade reprimida por múltiples factores como a escola. Lucía ten forza, luz, reflexión e tamén segue a liña das outras novelas: buscar a identidade nunha idade na que ninguén ten idea de quen é.